


Características do acordo de traballo a distancia

REAL DECRETO DE TRABAJO A DISTANCIA

O acordo de traballo a distancia deberá realizarse por escrito e deberá formalizarse antes de que se inicie o traballo a distancia. O contido mínimo deste acordo é o seguinte:



Inventario dos medios, equipos e ferramentas que esixe o desenvolvemento do traballo a distancia concertado, incluídos os consumibles e os elementos mobles, así como da vida útil ou período máximo para a renovación destes.




Enumeración dos gastos que puidese ter a persoa traballadora polo feito de prestar servizos a distancia, así como forma de cuantificación da compensación que obrigatoriamente debe aboar a empresa e momento e forma para realizala, que se corresponderá, de existir, coa previsión recollida no convenio ou acordo colectivo de aplicación.



Horario de traballo da persoa traballadora e, dentro del, se é o caso, regras de dispoñibilidade.



Porcentaxe e distribución entre traballo presencial e traballo a distancia, se for o caso.



Centro de traballo da empresa ao que queda adscrita a persoa traballadora a distancia e onde, se for o caso, desenvolverá a parte da xornada de traballo presencial.



Lugar de traballo a distancia elixido pola persoa traballadora para o desenvolvemento do traballo a distancia.



Duración de prazos de preaviso para o exercicio das situacións de reversibilidade, se for o caso.



Medios de control empresarial da actividade.



Procedemento que se ha seguir no caso de se produciren dificultades técnicas que impidan o normal desenvolvemento do traballo a distancia.



Instrucións ditadas pola empresa, coa participación da representación legal das persoas traballadoras, en materia de protección de datos, especificamente aplicables no traballo a distancia a distancia.



Instrucións ditadas pola empresa, logo de informar a representación legal das persoas traballadoras, sobre seguridade da información, especificamente aplicables no traballo a distancia.



Duración do acordo de traballo a distancia.

A modificación das condicións establecidas no acordo deberá ser obxecto de acordo entre a empresa e a persoa traballadora e deberá formalizarse por escrito antes de aplicarse.